


PRESENTACIÓN MATERIA/MÓDULO	
MATERIA	Química
Curso	2º Bacharelato
PROFESOR/A	Enric Ripoll Mira
<b>Libro de texto e enderezo electrónico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Libro de texto: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Bacharelato 2º (Galego)</li> <li>– Manuela Domínguez Real</li> <li>– Baía Edicións.</li> </ul> </li> <li>• Dirección Internet: <p style="text-align: center;"><a href="http://www.montenegrripoll.com">http://www.montenegrripoll.com</a></p> </li> <li>• Plataforma Moodle: <p style="text-align: center;"><a href="http://www.edu.xunta.es/centros/iesd/acaniza/aulavirtual/">http://www.edu.xunta.es/centros/iesd/acaniza/aulavirtual/</a></p> </li> </ul>
<b>Contidos e a súa relación co libro de texto</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Estrutura atómica e clasificación periódica dos elementos.</b> Tema 1</li> <li>2. <b>Enlace químico e propiedades das substancias.</b> Tema 2</li> <li>3. <b>O equilibrio químico.</b> Tema 3 Tema 4 Tema 5</li> <li>4. <b>Ácidos e bases.</b> Tema 6</li> <li>5. <b>Introdución á electroquímica.</b> Tema 7</li> <li>6. <b>Estudo das funcións orgánicas.</b> Tema 8 Apéndice 1</li> </ol>
<b>Contidos mínimos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Describir os modelos atómicos discutindo as súas limitacións e valorar a importancia da teoría mecano cuántica para o coñecemento do átomo.</li> <li>• Explicar os conceptos básicos da mecánica cuántica: dualidade onda-corpúsculo e incerteza.</li> <li>• Coñecer os parámetros básicos do sistema periódico actual, definir as propiedades periódicas estudadas e describir as súas relacións ao comparar varios elementos.</li> <li>• Describir ciclos enerxéticos do tipo Born-Haber para calcular a enerxía de rede.</li> <li>• Discutir de forma cualitativa a variación de enerxía de rede en diferentes compostos.</li> <li>• Describir as características básicas da ligazón covalente.</li> </ul>
	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicar os factores que modifican a velocidade dunha reacción, facendo especial énfase nos catalizadores e a súa aplicación a usos industriais.</li> <li>• Aplicar correctamente a lei de acción de masas a equilibrios sinxelos. Coñecer as características máis importantes do equilibrio.</li> <li>• Relacionar correctamente o grao de disociación coas constantes de equilibrio Kc e Kp.</li> <li>• Definir e aplicar correctamente conceptos como: Ácido e base segundo as teorías estudadas, forza de ácidos, pares conxugados, hidrólisis dun sal, volumetrías de neutralización.</li> </ul>

	<p>Escribir estruturas de Lewis.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicar o concepto de hibridación e aplicalo a casos sinxelos.</li> <li>• Coñecer as forzas intermoleculares e explicar como afectan as propiedades de determinados compostos en casos concretos.</li> <li>• Definir e aplicar correctamente o primeiro principio da termodinámica a un proceso químico. Diferenciar correctamente un proceso exotérmico doutro endotérmico, utilizando diagramas entálpicos.</li> <li>• Aplicar o concepto de entalpías de formación ao cálculo de entalpías de reacción mediante a correcta utilización de táboas.</li> <li>• Predicir a espontaneidade dun proceso químico a partir dos conceptos entálpicos e entrópicos.</li> <li>• Coñecer e aplicar correctamente o concepto de velocidade de reacción.</li> <li>• Coñecer e diferenciar as teorías que explican a xénese das reaccións químicas: teoría de colisións e teoría do estado de transición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar reaccións de oxidación-redución que se producen na nosa contorna.</li> <li>• Axustar polo método do ión-electrón reaccións redox.</li> <li>• Distinguir entre pila galvánica e cuba electrolítica.</li> <li>• Utilizar correctamente as táboas de potenciais de redución para calcular o potencial dunha pila e aplicar correctamente as leis de Faraday.</li> <li>• Explicar as principais aplicacións destes procesos na industria.</li> <li>• Relacionar o tipo de hibridación co tipo de ligazón nos compostos do carbono.</li> <li>• Formular correctamente os diferentes compostos orgánicos.</li> <li>• Relacionar as rupturas d enlaces coas reaccións orgánicas.</li> <li>• Describir o mecanismo de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial.</li> </ul>
<b>METODOLOXÍA</b>	<p><b>Construtivista</b></p> <p>Nesta metodoloxía o profesor é considerado un mediador entre o coñecemento e a aprendizaxe dos estudantes, comparte as súas experiencias e saberes nunha actividade conxunta de construción dos coñecementos.</p> <p>A meta é lograr a autonomía e autodirección dos educandos, e o profesor dá apoio do proceso gradual para transferir de maneira ascendente o sentimento de responsabilidade e autorregulación nestes, é dicir o mestre preocúpase por formar alumnos autodidactas. Tamén é facilitador do coñecemento, dando aos alumnos os alicerces necesarios para acceder, lograr, alcanzar e en consecuencia construír aprendizaxes significativas.</p>	
<b>AVALIACIÓN</b>	<p>Os instrumentos de avaliación serán probas escritas, orais, a realización de experimentos onde os alumnos podan poñer de manifesto os seus coñecementos, o uso das TIC e a valoración das actividades realizadas na aula.</p> <p>Non ten sentido ningún que, sendo a avaliación da materia continua, sexan feitas recuperacións. Por tanto vamos facer probas evolutivas onde o alumno poida expresar que coñece a materia anterior sen necesidade de facer recuperacións, é por iso que o profesor vai preguntar nas probas materia xa dada.</p> <p>A media obtida nestas probas vai ser a media ponderada dos exames. Exemplo práctico: Un alumno obtivo as seguintes notas ao longo do curso: 3, 4, 2, 5, 6, 7, 6 e 5 A nota final do curso vai ser:</p>	

$$X_{pod} = \frac{1 \cdot 3 + 1.3 \cdot 4 + 1.6 * 2 + 1.9 \cdot 5 + 2.2 \cdot 6 + 2.5 \cdot 7 + 2.8 \cdot 6 + 3.1 \cdot 5}{1 + 1.2 + 1.4 + 1.6 + 1.8 + 2 + 2.2 + 2.4} = 5.12$$

Por outra parte, la nota de cada exame vai ter as porcentaxes seguintes:

5% nota de actitude

10% nota de procedementos

85% nota de contidos

Estas notas van ser obtidas a partir das probas escritas, uso das TIC, as prácticas laboratoriais e das respostas orais dadas na aula.